

3. Cada unha destas accións representan unha forma de aforrar enerxía. Une con frechas o texto coa imaxe.

Desconectar completamente os aparellos que non se usen.



Usar os electrodomésticos cando estean cheos.



Usar a luz do Sol sempre que poidamos e apagar a eléctrica.



Escoller electrodomésticos con etiquetas A, A+, A++ ou A+++



Usar o transporte público, a bicicleta ou camiñar cando sexa posible.



Usar ben a calefacción ou o aire acondicionado.



4. Indica se as seguintes fontes de enerxía son renovables ou non renovables.

☀️ sol:

💨 vento:

⚙️ carbón:

🏔️ uranio:

🔥 gas natural:

🛢️ petróleo:

💧 auga:

5. Das seguintes frases, hai unha que é falsa. Indica cal.

☐ O carbón e o petróleo non son renovables e nalgún momento esgotaranse.

☐ As lámpadas transforman a enerxía eléctrica en lumínica.

☐ A enerxía é a causa de que os corpos se movan, cambien a súa forma ou as súas propiedades.

☐ Os combustibles fósiles non contaminan porque son de orixe natural e rexenéranse constantemente.